

Esta casa que ninguén visita.  
Nela vive un home solitario.  
Fuma e pasea polos corredores.  
Dialoga coas fantasmas do pasado.

Hai moito tempo que viviron.  
Van se desfigurando os seus contornos.  
Xa se esqueceu das letras daquel nome.  
Xa non pode lembrar a cor daqueles ollos.

O seu cabelo é cada vez máis gris,  
e arrastra máis os pes cando as esqueiras rube  
E ven a noite, e déitase no leito.  
Pecha as palpebras e non durme.

E sinte renxer unha porta,  
e unha doce figura entra na estancia,  
e un bico pon nos ollos do deitado,  
e el non bule pra non escorrentala.

Esta casa que ninguén visita.  
Nela morréu un home solitario.  
O vento bate a porta escanastrada.  
Ninguén hai a carón do leito xiado.